

1. **A Coruña** : probablemente dunha raíz indoeuropea *k-r ‘pedra`, ‘rocha` (no 991 aparece documentado *Crunia*, en alusión as características rochosas do entorno ou mesmo á Torre de Hércules, torre construída sobre unha pena ou rocha). Non se pode desbotar a hipótese de **Clunia**, derivada dun sustantivo celta **clunia*, ‘pradaría’, ‘lugar humido’, ‘fonte’, topónimo similar a Cluny.
2. **A Estrada**: é posible que outros topónimos **Estrada**, máis antigos, procedan do latín **via strata*, ‘vía ou camiño empedrado`. O topónimo de **A Estrada**, provincia de Pontevedra, parece demasiado moderno para que se derive do latín. Proponse que pode derivar do participio galego *estrada* do verbo *estrar*, extender estrume, xeralmente capas de toxo nas corredeiras.
3. **Acibeiro**: <ACIFU, ‘acibro’) + sufixo abundancial *-arium*>-eiro. Fitotopónimo.
4. **Armenteira**: < ARMENTUM, ‘gando maior’ (vacas e bois) topónimo con sufixo abundancial *-ariam* >-eira)
5. **Astorga**: de ASTURICA AUGUSTA. Asturica, terra dos astures, capital do coventum asturicense, un dos tres coventos que configuraban a Gallaecia romana. Etnómico.
6. **Bembibre**: de BENE VIVERE, ‘ben vivir’, ‘espazo agradable para vivir’.
7. **Bierzo**: de BERGIDUM, palabra que contén a raíz xermánica *berg-, ‘montaña’.
8. **Bonaval**: de BONAM VALLEM, ‘bo val`.
9. **Braga**: de BRACARA topónimo procedente dos brácaros, xentes que habitaban o convento bracarense, e que fai alusión ás bragas ou calzas que vestían. Despois foi chamada “Bracara Augusta”, capital do conventum bracarense.
10. **Bergantiños**: deriva de BRIGANTIUM, antiga cidade celta, ou do nome dos seus habitantes, que se deu en confundir co espazo xeográfico de A CORUÑA,
11. **Caldelas**: deriva de AQUAS CALIDAS e do seu diminutivo CALIDELAS, todos relacionados con augas quentes, termais. Hidrotopónimo.
12. **Cartagena**: A cidade cartaxinesa QUART-HADAST: ‘cidade nova’, refundada en latín CARTAGO NOVA: nova Cartago, arabizada en QARTAGINA, da que deriva a actual Cartaxena. “Carthago nova”, Nova Cartago, refundación dunha cidade cartaxinesa.

13. **Castrelo:** Forma híbrida de CASTELLUM e CASTRUM. Un castro é unha cidade alta e fortificada.

14. **Cebreiro:** <EQUOS FEROS ('asnos bravos'), de *montem equiferarium* chegaríase a *montes Ezebrarii*. No Códice Calixtino fálase de *Montem Februarium*, + sufixo abundancial *-arium*>-eiro. Hai quen relaciona o nome co acibro. Tónimo en todo caso de orixe discutida.

15. **Celanova:** a voz CELLA, fai referencia a 'mosteiro', 'almacén', 'graneiro'+ adxectivo *nova* 'recén feito'. Antes dese nome chamábase VILAR (*usque nunc vocatus fuit Villare*)

16. **Cimadevila:** de CIMA+DE+VILA. CYMA, lugar situado na parte de arriba da vila.

17. **Compostela:** é o topónimo galego máis discutido. Dende sempre a interpretación máis popular foi: CAMPUS STELLAE, 'campo da estrela'. Máis correctas son: COMPOSITUM TELLUS, 'terra composta ou fermosa'. COMPOSITUM: 'enterrado'.

18. **Córdoba:** <CORDUBA, que pode ser unha adaptación latina de topónimos anteriores, *Kartatuba* 'cidade grande'. Esperaríamos un resultado * *Cuerva*, por perda do *u* átono, Córdoba quizá sexa un semicultismo con intención eufemística.

19. **Couto:** procede de CAUTUM, lugar que se cercaba para poder defendelo mellor. A raíz **cott*, 'prominencia', 'altura',

20. **Chantada:** pode derivar de PLANTATAM, en alusión a unha pedra chantada no chan, hai topónimos parecidos Chanto, Chanteiro (< *plantarium*: 'viveiro?')

21. **Donostia:** a forma vasca foi antigamente DONO BASTIA, posto que a cidade creceu en torno o mosteiro de San Sebastián. Era habitual darlle ós santos o título de Don.

22. **Feans:** do latín FENALES, plantacións de de feo, planta forraxeira.

23. **Filgueira:** de FILICARIAM, derivado de FILICEM, 'fento' ou 'fieito'+ sufixo abundancial. *arium/am*>-eiro/a. Fitotónimo

24. **Fisterra:** de FINIS TERRAE o fin ou lindeiro da terra coñecida.

25. **Fondevila:** de FONTEM 'fonte'+ VILLA, 'lugar'